



NORMAS DE INSCRIPCIÓN PARA AS ACTIVIDADES DE FORMACIÓN DO COBGA

1. No caso de dispoñer do **boletín de inscrición en papel**, ésta efectuarase mediante o envío de dito boletín (incluído no tríptico informativo de cada curso) cumprimentado, xunto coa copia do xustificante bancario de ingreso ou transferencia ao correo cursos@biologosdegalicia.org

No caso do **formulario on line**, seguiranse as instrucións que figuran nel.

2. A orde de inscrición na lista de alumnos virá determinada pola data e hora da recepción dos documentos citados. En canto se completen as prazas dispoñibles, as inscricións posteriores pasarán a integrar unha lista de reserva, para o caso de que se produzan anulacións.

3. A cota de inscrición reducida haberá de demostrarse, no caso dos estudantes de Bioloxía, co envío tamén do xustificante ou resgardo de matrícula do último curso. Os colexiados dos COBs haberán de estar ao corrente do pago dos recibos de colexiación para ser beneficiarios de dita vantaxe.

4. Unha vez rematado o prazo de inscrición indicado no tríptico, o COBGA poñerase en contacto cos inscritos para informarlles do comezo ou da cancelación da acción formativa, segundo corresponda. O COBGA resérvase o dereito de cancelar calquer curso de non haber inscricións suficientes que xustifiquen a súa celebración. Neste caso procederase á devolución do importe íntegro da matrícula, para o que se solicitarán os datos bancarios pertinentes a cada inscrito.

5. Calquer anulación de inscrición por parte dun inscrito deberá ser debidamente comunicada canto antes. A non comunicación implicará a perda de prioridade de inscrición para calquer outra actividade do COBGA e a non devolución do importe ingresado.

6. En canto ás anulacións debidamente xustificadas, procederá a devolución do importe íntegro do importe se se comunica antes do remate do prazo de inscrición indicado no tríptico informativo. Despois desa data devolverase o 50% do importe.

7. Nos cursos presenciais admitirase unha abstención dun 10% como máximo do tempo total lectivo. En todo caso, o alumno haberá de realizar e superar, no seu caso, as probas sinaladas para obter a certificación de asistencia e aproveitamento.

8. De acordo co establecido na Ley Orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, de Protección de Datos de Carácter Personal, informámoslle que os datos persoais que nos facilite serán incorporados a un ficheiro titularidade do COLEXIO OFICIAL DE BIÓLOGOS DE GALICIA, con domicilio en Banquete de Conxo, 6- baixo, 15706- Santiago de Compostela (A



**Colexio Oficial
de Biólogos
de Galicia**

Coruña), que cumpre coas medidas de seguridade esixidas no Real Decreto 1720/2007, de 21 de diciembre e que ten como finalidade a xestión da súa participación no curso.

Como participante no curso organizado polo COLEXIO OFICIAL DE BIÓLOGOS DE GALICIA poderá exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, comunicándoo por escrito a Banquete de Conxo, 6- baixo, 15706- Santiago de Compostela (A Coruña) ou ao correo info@biologosdegalicia.org.